

---

## 7.- CONSIDERACIÓNS

---

1.- A área funcional de Ferrol viviu nas últimas décadas un **proceso de reconversión industrial** (naval e mineiro, principalmente) que afectou de maneira importante ó seu tecido industrial, moi dependente destes sectores, e ó emprego (directo e indirecto). A área aínda non se recuperou totalmente dese proceso por mor, entre outras moitas causas, de non haberse completado tódolos obxetivos planificados nos diferentes plans e protocolos de actuación acordados para a recuperación económica e creación de emprego na área.

Non obstante, de cara ó futuro a área funcional de Ferrol ten claras **oportunidades de desenvolvemento**. Por unha banda, a potencialidade de cualificación tecnolóxica dos seus recursos humanos, que pode impulsar os factores endóxenos do desenvolvemento. Pola outra banda, nos últimos anos comencan a xurdir novas iniciativas empre-

sariais na zona en sectores como a química ou o téxtil. Ademais, existe un potencial importante sen explotar nun segmento de mercado actual como é o mantemento industrial.

2.- É necesario desenvolver unha política industrial que consolide tódalas industrias xa existentes, con especial atención á industria naval e a mineiro-eléctrica, onde debe definirse o futuro de Endesa-As Pontes dentro da planificación da produción eléctrica do Estado e o futuro da actividade de Astano, Bazán e Imenosa. Debe potenciarse o desenvolvemento dos novos sectores con **proxectos industriais propios** (por exemplo, a construción da planta de gas).

3.- Cómpre considerar a Ferrol como un **área metropolitana** de grande importancia (7,83% da poboación galega, 5% das empresas que facturan máis de 40 millóns de

pesetas). Neste sentido, hai que potencia-la colaboración territorial e a integración dos diferentes municipios da área considerada.

Dada o histórico vínculo da comarca co Ministerio de Defensa, existe un importante patrimonio do ministerio desafectado que podería ser obxecto dun mellor aproveitamento para o desenvolvemento da área. Considérase necesario negociar con Defensa o aproveitamento dese patrimonio.

4.- De cara a impulsa-la vertebración territorial e o desenvolvemento integral da área funcional de Ferrol, é necesario o cumprimento da **execución das infraestructuras previstas** nos diferentes plans ou protocolos mencionados neste informe. A superación de carencias de infraestructuras da área de Ferrol resulta fundamental para desenvolver de forma eficiente as relacións económicas e a cohesión social.

En concreto, **nas infraestructuras de comunicación**, polas súas características de vertebración do territorio, faise necesario conecta-lo acceso norte de Ferrol coa A-9 e co corredor Ferrol-As Pontes, continuando a Fene; a terminación da autovía Ferrol-As Pontes-Vilalba, desdobrando o actual corredor Ferrol-As Pontes, conectando coa Nacional VI á altura de Momán; a autovía do Cantábrico (asignación do trazado mediante a prolongación da mesma desde Ribadeo e o seu paso por Viveiro, Ortigueira e Ferrol, co fin de enlazar coa Autovía do Noroeste, cara á meseta, e cara ó sur pola Autoestrada do Atlántico); as obras de acondicionamento do eixe As Pontes-Cabanas e os seus enlaces coa A-9; o acondicionamento do acceso As Pontes cara o polígono de Airíos-Momán; e,

finalmente, o acondicionamento do acceso de As Pontes cara a Ortigueira.

Respecto ó **ferrocarril**, as actuacións prioritarias deberían ser a renovación do ferrocarril Ferrol-Betanzos, a conexión ferroviaria con As Pontes e a comunicación do ferrocarril co polígono Río do Pozo e a mellora de trazados e servicios do FEVE, a actualización do seu parque ferroviario, así como a construción de dobre vía entre Ferrol e Xubia para atende-los tráfico de cercanías.

Desde o punto de vista das **infraestructuras portuarias**, faise necesaria unha planificación conxunta da oferta portuaria de Ferrol e A Coruña, en función de criterios de eficacia e operatividade, que se axuste á demanda real do transporte combinado, coordinados co resto das infraestructuras de transporte apuntadas. Asemade, hai que mellora-la dotación de infraestructuras e servicios portuarios para a actividade pesqueira e comerciais.

5.- Potenciación e utilización de **parques empresariais e polígonos industriais**, dotándolos das infraestructuras que os fagan operativos. É necesario completa-las actuacións previstas neles e garantir, con tódalas medidas posibles, o abaratamento dos custes do solo empresarial e industrial, que sirva para atraer empresas.

Cómpre potencia-la colaboración do CIS-Ferrol co sector empresarial da área funcional para atraer empresas de alto contido tecnolóxico e de I+DT. Neste senso, os organismos de promoción económica existentes deben fomenta-la creación de viveiros de empresas.

6.- Elaboración dun **plan integral de competitividade do sector turístico** que permita aproveitar a potencialidade turística endóxena da área de Ferrol. Entre as accións necesarias pódense salientar a incentivación de iniciativas e proxectos inseridos nas perspectivas turísticas a protexer e promocionar; programación dunha guía de itinerarios e rutas culturais; impulso ás obras de infraestructuras, necesarias para a promoción e a adecuación da oferta turística e a súa priorización; e potenciación do esforzo conxunto das tres comarcas da área de Ferrol, que permita configurar unha oferta turística complementaria e integrada.

7.- Finalmente, en relación ó **panorama social**, hai que salientar que o desenvolvemento terá que **respetar o medio ambiente**, polo que será necesario crear unhas infraestructuras sanitarias adecuadas e un saneamento integral das rías coa instalación de depuradoras de augas residuais.

En relación á **educación** e á **cultura**, cómpre buscar unha adecuación entre a formación e as novas esixencias do mercado a través da formación regrada e non regrada, e mediante a elaboración dun concerto entre o *campus* ferrolán e as organizacións empresariais da comarca.

Finalmente, en canto á **sanidade**, faise necesario adecuar a oferta de servizos sanitarios á demanda real da área e, na **atención sociosanitaria**, é necesario un plan xerontolóxico cunha rede de residencias que cubran a alta demanda existente. ■